

II Encontro de Polifonía Galega

"Pascual Veiga"



Participan:

Coral Polifónica EL ECO

Coral de RUADA (Ourense)

Coro CANTÁBILE

Colaboran:



Organiza:



Xoves 18 de Outubro de 2018. Teatro Rosalía de Castro 20:30.
Entrada libre ata completar aforo.

EL ECO
CORAL POLIFÓNICA





II ENCONTRO DE POLIFONÍA GALEGA PASCUAL VEIGA

ORGANIZA: Coral Polifónica EL ECO.
Teatro ROSALIA de CASTRO, XOVES 18 OUTUBRO de 2018. 20:30 HORAS.

ENTRADA LIBRE ata completar aforo.
CONDUCTOR: SANTIAGO FERNÁNDEZ.
DURACIÓN APROXIMADA: 90 minutos.

Participan:
Coro CANTABILE
Coral de RUADA
Coral Polifónica EL ECO

NOTA DE PRENSA:

O xoves 18 de Outubro ás 20:30 no Teatro Rosalía de Castro terá lugar o II Encontro de Polifonía Galega "Pascual Veiga" promovido e organizado pola Coral Polifónica El Eco. Este encontro nado o pasado ano, pretende dar cabida e relevancia a un repertorio moi rico e de gran tradición na nosa terra. Para esta segunda edición contaremos coa presenza dun coro que este ano celebra o seu centenario: "Coral de Ruada", de Ourense; e un dos coros máis destacados da nosa cidade que se atopa en plena adolescencia (en 2017 celebrou o seu 15º aniversario): "Coro Cantabile", ademáis da coral organizadora: "El Eco". O acto será guiado por Santiago Fernández, e contará coa colaboración e presenza da Diputación e do Concello da Coruña.



ORIXE:

A Coral "El Eco", decana das corais españolas en activo, é exemplo de dedicación, esforzo e iniciativa. Contando con máis de 50 integrantes, centra o seu repertorio en dous eixos principais: as grandes obras mestras da música coral universal, e a recuperación, mantemento e dignificación do patrimonio musical galego. Desde o seu nacemento, esta coral foi dirixida polos máis ilustres músicos galegos, ostentando o privilexio de interpretar por primeira vez obras dos mesmos, tales como o propio Himno Galego de P. Veiga.

"El Eco" destácase como unha das institucións musicais máis laureadas da cidade da Coruña. Nos seus máis de 130 anos de historia recibiu numerosos premios, mencións e galardóns, de entre os que destacan as seguintes distincións:

Órgano oficial do Excmo. Concello da Coruña.

Medalla de Ouro da Cidade da Coruña.

Medalla de Prata da Cidade da Coruña.

Medalla de Ouro de París.

Medalla de Ouro do Porto.

Cruz dos Anxos de Oviedo (primeira concedida con carácter colectivo).

Se por algo destaca a nosa entidade a nivel de repertorio, é pola súa participación en case duascenas funcións de ópera. 41 títulos diferentes, ao longo de 197 representacións na Coruña (149), Vigo (18), Oviedo (28), Santiago de Compostela (1), e Madrid (1) fan de "El Eco" un referente ineludible ao falar de ópera na nosa comunidade.

Ademais, "El Eco" obtivo importantes éxitos coa interpretación de oratorios. Recentemente son o Stabat Mater op. 138 de J. Rheinberger (primeira interpretación en Galicia) ou o Oratorio de Noel op.12 de C. Saint-Saëns, e acompañados da OCGa foi a Messe Brève nº7 de Ch. Gounod no Teatro Colón (tamén interpretada na "Misa de Rosalía" en Santo Domingo de Bonaval), pero outrora foron as máis soadas composicións sacras dos grandes autores (Requiem de Mozart ou de



Verdi, Mesias de Händel, Carmina Burana de Orff...), ou estreas absolutas dos máis importantes compositores galegos (Misa de Réquiem de Rodrigo A. de Santiago, ou o oratorio Nova Galicia do Mestre Groba).

Do mesmo xeito, a nosa coral destacou pola creación de zarzuelas de produción propia integral (coro, solistas, orquestra...): A noite de San Juan, A canción de Zoraida, A Espadela (estrea absoluta da obra de M. Farto), A Gueisa, Dona Francisquita, A rosa do azafrán, Xigantes e cabezudos, son exemplo diso.

Atendendo a todas estas actividades, El Eco deixou un pouco descuidada esa outra seña de indentidade da que falabamos antes, máis dese interese en recuperar, manter e dignificar o patrimonio do que é parte esta entidade, é do que xurde este Encontro. Leva o nome do mindoniense Pascual Veiga, autor do Himno Galego e fundador e primeiro director da Coral Polifónica el Eco; e pretende establecerse coma cita obligatoria na axenda musical dunha cidade que presume de vida cultural.

Carlos González-Garcés Santiso, presidente



PROGRAMA:

Coro CANTABILE

Rosa das Rosas	(Alfonso X el Sabio)
Santa María, Strela do día	(Alfonso X el Sabio)
Cada Noite	(Zumalave / arm: Domínguez)
Pandeirada de Vilariño	(tradicional galega)

Pablo Carballido del Camino, director

Coral de RUADA

Pandeirada de Ourense	(Manuel de Dios)
Morriña	(José Fdez. Vide)
De ruada	(Adolfo Berges)
Foliadas da Rabeda e da Peroxa	(Manuel de Dios / popular)

Xoán Antón Vazquez Casas, director

Coral Polifónica EL ECO

María Soliña	(A. Paz Valverde)
O quer que lle quer	(Mauricio Farto)
Lela	(R. Mato / arm: Xulio Domínguez)
Canto de pandeiro de Caión	(popular / arm: Manuel Fdez. Amor)

Pedro Martínez Tapia, director



CORAL POLIFÓNICA EL ECO:

A Coruña, 1881. Están a construírse as galerías da Mariña, proxéctase unha traída de augas capaz de abastecer unha poboación de 60.000 habitantes, chega á cidade o ferrocarril, (isto xa sería en 1883). Nese ano 1881 nace Alexander Fleming, inventor da penicilina e premio Nobel de medicina; Angelo Giuseppe Roncalli (o papa Xoán XXIII), Pablo Picasso e Juan Ramón Jiménez ; morren ese ano Dostoyevsky, o Zar Alejandro II e o mítico bandido "Billy El Niño" aos 21 anos.

O 18 de decembro de 1881, o primeiro Director e Presidente de "El Eco", o Mestre mindoniense Don Pascual Veiga, inicia a andaina, ininterrompida desde entón, da nosa coral, aínda que cabe aclarar que ata 1927, tratouse dun Orfeón, posto que os seus membros eran só voces masculinas. En agosto de 1882 lograría "El Eco" o seu primeiro triunfo, nos Xogos Florais de Pontevedra e ao que seguirían moitos outros. En 1886 tomaría a batuta o Mestre José Castro Chané e ao ano seguinte gañaría o Concurso internacional de Madrid. Felicitan a O Eco músicos como Chapí e Bretón. En 1889 conquista o primeiro premio do Festival Internacional de París . Gloriosos comezos de "El Eco".

Seguirán a Chané outros Mestres Directores desde que en 1893 este tivo que abandonar a cidade para trasladarse á Habana: José Baldomir, Mauricio Farto, P. Eugenio Barrero, Manuel Fernández Amor, Rodrigo A. de Santiago, Jesús González de Velasco, Santiago Pérez Bernal, Maximino Zumalave, Rogelio Groba e outros ilustres mestres ata chegar ao actual, o xoven músico Pedro Martínez Tapia. E mentres tanto transcorreron xa 133 anos!

É a Coral máis antiga da Península Ibérica en activo, é Órgano Oficial do Excmo. Concello da Coruña, Medalla de Prata da cidade da Coruña e Medalla de Ouro da cidade da Coruña e Medallas de Ouro en París e Oporto , entre outros premios e galardóns.

O repertorio é amplo e heteroxéneo, abarca toda a polifonía "a cappella", relixiosa e profana, antiga e moderna, internacional, nacional e rexional. Acompañada de Orquestra ou Banda "El Eco" interpretou óperas, operetas, zarzuelas, cantatas e oratorios.

Interveu nas tempadas de ópera da Coruña, Vigo, Oviedo e Madrid, O seu repertorio operístico rexistra máis de corenta títulos compartindo cartel con cantantes tan notables como Renata Tebaldi, Alfredo Kraus, José Carreiras, María Luisa Nache, Leo Nucci ou Montserrat Caballé.



CORAL DE RUADA:

A CORAL DE RUADA foi fundada no ano 1918 polos ourensáns Fabriciano Iglesias, Xabier Prado "Lameiro", Xulio Prieto Nespereira, Virxilio Fernández e Cesáreo Eire. Presentouse no Salón Apolo de Ourense o día 24 de xuño de 1919 e en Madrid en 1920.

O seu primeiro director foi o mestre Daniel González, con quen visitou América do Sur en 1931 e, con outras Agrupacións Galegas, representou a Galicia na Feira Internacional de Chicago en 1934.

A CORAL DE RUADA ten actuado na práctica totalidade dos pobos, vilas e cidades de Galicia, nas máis importantes cidades españolas (entre elas Madrid, Barcelona, Salamanca, Sevilla, Málaga, Cádiz, Huelva, León, etc.), nas máis importantes cidades portuguesas (Porto, Coímbra, Guimaraes, Vila Real, Águeda, etc.), en Francia -onde participou nos festivais de Lorient (en tres ocasións), Quimper e Tours- e viaxou en tres ocasións a América, actuando en Arxentina, Brasil, Uruguai, EE.UU. e Venezuela.


Desde a súa fundación, ten realizado numerosas gravacións de discos en distintas casas discográficas (Regal, Columbia, Alhambra, Decca, Hispavox, CBS, Zafiro, Edigal, Fonomusic, Emi, Do Cumio, Rula, Xerais, RTVE, Galinova, Ouvirmos, Arteficción... En decembro de 2006 presentouse o CD "Coro De Ruada: escena coral galega" coa recuperación das primeiras cantigas gravadas nos anos 1929 e 1950. A última gravación, "De Ruada entre Amigos", presentouse en xuño de 2016 e contén colaboracións de importantes grupos e artistas galegos e estranxeiros (Luar na Lubre, Milladoiro, Cristina Pato, Andrew Cronshaw, Tigran Aleksanyan, Treixadura, Brañas Folk, Os Melidaos, Gomes Mouro...). Ademais, dende 1926, ten participado en diversos filmes, vídeos, etc.

Na súa andaina, CORAL DE RUADA recibiu moitos galardóns e distincións, destacando entre elas a garabata da bandeira doada pola S.M. D. Alfonso XIII; a Placa de Ouro do Centro Galego de Buenos Aires (1931); Bandeira do Concello de Ourense (1954); Medalla de Ouro da Provincia de Ourense (1984); Pedrón de Ouro (1990); Medalla de Galicia (1992); Medalla de Ouro do Liceo Recreo Ourense (1994); Medalla de Ouro da Cidade de Ourense (1994); premio "Manuel Lorenzo", na súa primeira edición, do Real Coro Toxos e Froles do Ferrol (2002); Medalla de Ouro "Gaiteiro de Soutelo" (2007); Premio IAR (2008); Medalla de Ouro "Marcial del Adalid" da Real Academia Galega de Belas Artes "Nosa Señora do Rosario" (2009); Medalla Castelao (2013); Orgullo Gaiteiro (2015)...

Actualmente dispón das escolas "Virxilio Fernández" e "Xabier Prado <Lameiro>" de música tradicional e teatro, respectivamente.

Ademais da difusión dos temas folclóricos galegos e polifonía galega e universal nas Sociedades Culturais do País e do estranxeiro, a CORAL DE RUADA organiza tódolos anos os concertos de Nadal e Reis -na Catedral e na Igrexa de Santiago das Caldas, respectivamente-, o premio Xabier Prado "Lameiro", as xornadas "LembradeNÓS", o Certame De Ruada, o Concerto dos Amigos, a Romaría de Oseira, publica a revista "Coral De Ruada", colabora en todo tipo de actos institucionais e benéficos...

A CORAL está dirixida por Xoán Antón Vázquez Casas.



CORO CANTABILE:

O Coro Infantil e Xuvenil Cantabile nace froito da asociación que leva o seu mesmo nome como un gran proxecto musical e social que integra a nenos e mozos arredor da música clásica.

Desde o noso nacemento en 2002 conseguimos converternos nun referente musical en toda Galicia grazas ao gran número de concertos e xiras tanto no panorama nacional como internacional: Viena, Salzburgo, Lisboa, Bolonia, Roma... Ademais, os numerosos premios recibidos e a crítica avalan a nosa traxectoria interpretativa e especialmente o noso son e técnica vocal, grazas ao noso director Pablo Carballido del Camino, tenor e mestre de canto.

Cantabile ten gravado xa seis discos entre os que destacan a banda sonora da película De Profundis, estreada xunto á Orquesta Sinfónica de Galicia ou o disco dedicado á obra vocal sacra de Vivaldi, avalado polo musicólogo López Calo.

En outubro de 2013 culminamos un proxecto que nos levou a traballar nunha retrospectiva sobre o repertorio clasicista a través dos grandes mestres do s. XVIII: Mozart e Haydn, que foi estreada no Teatro Colón de A Coruña en 2013 e que poidemos gravar no disco "Mozart y Haydn en las voces de Cantabile" grazas á colaboración do programa Outra+Outra da Diputación de A Coruña e a Fundación Paideia nos seus Estudios Mans. Pero non podemos esquecer o CD de panxoliñas "Vinde velo neno. Nadal con Cantabile", a participación no disco "Sacra et Profana", nin o primeiro disco gravado en 2006 "Cantabile"

No 2014, acometemos a preparación do Requiem de Gabriel Fauré, estreando tamén o noso traballo no teatro Colón da Coruña.

No 2016, a Misa da Coroación K317 de W.A.Mozart foi interpretado non só na nosa cidade senón tamén na abadía de Altenburg e na Peterskirche de Viena durante a nosa xira #Cantabileando2016 por Austria. E finalizamos ese ano participando no concerto de Carlos Núñez na Catedral de Santiago cos instrumentos orixinais do Pórtico da Gloria na conmemoración de 50 aniversario da Fundación Barrié. No 2017 embarcámonos na preparación da primeira parte do Mesías de Haendel, unha obra clave do barroco con motivo do noso XV aniversario. No 2018, continuamos coa obra deste compositor inglés coa "Oda para o aniversario da raíña Ana".

CORO
INFANTIL
JUVENIL *Cantabile*

